



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Ata cando a destrución de emprego?

Dende a CIG dixémolo no primeiro ERE, repetímolo no segundo e reiterámolo neste terceiro: nada xustifica esta destrución de emprego.

Cando se presentou o primeiro ERE, xustificouse dicindo que con esa medida acadábase a plantilla obxectivo. No segundo chegou a dicirse que sería o definitivo, non se precisarían máis axustes. No terceiro, xa saen algúns sindicatos a defender a decisión da empresa, xustificando a destrución de emprego.

A posición da CIG foi sempre a mesma, estivemos en contra e presentamos un recurso de alzada e tamén un contencioso administrativo. Daquela, como agora, nin se pode xustificar, nin se debe permitir, esa destrución de emprego nunha empresa como Telefónica.

Non podemos admitir que os gobernos permitan que as grandes empresas con beneficios, cos parabéns dalgúns sindicatos, paguen ós seus traballadores por estar na casa, a cambio de estragar o futuro dos que van facer o seu traballo.

O problema non é a produtividade, nin a rendibilidade que obtén a empresa no Estado español, pois é máis alta que nos outros países europeos nos que opera e moito maior que a que obtén en Latinoamérica.

O caso é que a empresa está medrada: reparte 450 millóns de € e paga salarios obscenos aos directivos ao tempo que anuncia pagos de dividendos históricos. Un día despois non ten problema en dicir que se desfará de máis de 6000 traballadores e traballadoras.

Hai uns anos os directivos das grandes empresas e da banca, da economía especulativa e financeira, querían máis e non se daban por satisfeito co que tiñan. Hoxe quérenos todo.

Na situación de crise que estamos a padecer, con recortes de dereitos e salarios para a clase traballadora, coa reforma laboral que facilita e abarata o despedimento, coa reforma das pensións que dificulta o acceso a unha pensión e reduce a súa contía; con este panorama é insultante a posición de Telefónica.

A actividade da empresa non xustifica recortes de plantilla, hai máis actividade que nunca o que pasa é que está externalizada. Pero á empresa non lle chega con botar a máis de 6000 traballadores pois pretende externalizar máis actividades e recortar dereitos e salarios nos traballadores que se queden.

A estratexia de Telefónica pasa por reducir persoal ata o mínimo imprescindible, externalizando case todas as actividades. Pasa por repartirse os beneficios entre os directivos e accionistas e darlle cada vez menos aos traballadores e traballadoras. Pasa por quedarse cos todos os beneficios que xeramos os traballadores e traballadoras.

Estes dirixentes só buscan enriquecer a uns poucos a costa de empobrecer a toda a sociedade e nós debemos preguntarnos: imolo permitir?

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate !!!

A Coruña 23 de maio de 2011